



D. Xosé Manuel Portela Fernández, presidente do Comité de Empresa de Persoal Laboral,

EXPÓN:

Que, de acordo co acordado na reunión do Comité de Empresa do 25 de xaneiro de 2011, por unanimidade dos presentes

ACORDA:

- Facer as apreciacións que se xuntan á convocatoria de concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal laboral fixo de administración e servizos da Universidade da Coruña.

A Coruña, 03 de febreiro de 2011

Xosé Manuel Portela Fernández



## INFORME SOBRE O CONCURSO TRASLADOS

O Comité entende que a convocatoria debe facer unha referencia expresa a que este concurso é unha ampliación (continuidade) do convocado en 2007 para evitar posibles conflitos co artigo 16 do convenio

### Artigo 16

1. Procurarase realizar unha convocatoria de concurso de traslados con carácter anual, e preceptivamente cada dous anos, e procurarase que sexa no primeiro semestre. Este concurso será resolto pola aplicación do baremo que se establece no presente convenio. Nestas convocatorias ofreceranse todas as prazas consignadas como vacantes nas correspondentes RPT da Universidade da Coruña. Así mesmo, poderase concursar ás prazas que resultaren vacantes no propio concurso.

O lugar máis indicado parécenos no primeiro parágrafo que podería quedar da seguinte maneira:

Ao existiren, novos postos vacantes desde o concurso convocado por resolución do 6 de marzo de 2007 (DOG do 16 de marzo de 2007) na vixente relación.....

Con respecto ao Anexo I prazas que saen en este concurso, solo deben saír as prazas que quedaron vacantes por xubilacións, falecementos, etc. Por este motivo non deberían saír as prazas L660 ( no momento do concurso 2007 en propiedade de Eduardo Álvarez Fernández, que nese concurso conseguiu praza na Escola de Deseño Industrial), e a L466 (no momento do concurso 2007 en propiedade de Pablo Calviño Padín, quen, mediante ese mesmo concurso conseguiu unha praza no Clube Universitario). Deuse, polo tanto nos dous casos, a circunstancia de que puideron ser solicitadas “a resultas” e ninguén optou a elas.

Con respecto a praza L406 pensamos que debe saír para resolver o cambio de quenda para a mañá pasando a L407 a quenda de tarde.